**MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 25/04/2015**

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día vinte e cinco de abril de dous mil quince, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:
D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.ª María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D. José Antonio Miñones Riveiro
D. Manuel Soto Pérez
D.ª Mónica Rodríguez Ordoñez
D.ª María Carmen Hermida Tomé
D. Juan Carlos Amado Sambade
D.ª Mª Dulzura Quintáns Fidalgo
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.ª Montserrat Vázquez Miñones

Ausentes:

Secretaria: D.ª María Cristina Varela García
Interventor acctal: D. José Domingo Rodríguez Ferreira

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.
**1. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de marzo de 2015.**

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ningún concelleiro/a formula observacións.

A secretaria pide a palabra para manifestar que no punto 10, relativo á toma de coñecemento da renuncia do concelleiro do Partido Popular D. Juan Silva Jallas, hai un erro de transcrición, pois onde di:

*"(...) En cumprimento do disposto na Instrucción do 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral central, sobre substitución de cargos electivos locais (BOE núm. 171 do 18/07/2003), a persoa á que lle corresponde cubrir a vacante é Dª. Sonia Martínez Lema, que ocupa o posto número* ***dez (11)*** *da* ***candidadura*** *do Partido Popular."*

Debe dicir:

*"(...) En cumprimento do disposto na Instrucción do 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral central, sobre substitución de cargos electivos locais (BOE núm. 171 do 18/07/2003), a persoa á que lle corresponde cubrir a vacante é Dª. Sonia Martínez Lema, que ocupa o posto número* ***once***





***(11)*** *da* ***candidatura*** *do Partido Popular."*

Queda aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de marzo de 2015, coa observación indicada.
**2. Resolución do expediente de investigación dos camiños do Ribeiro-Pasarela.**

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 17 de abril de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior reunida o 21 de abril de 2015, que se transcribe literalmente:

**"PROPOSTA DE ACORDO**

**Asunto: Resolución definitiva do expediente de investigación dos camiños do Ribeiro, Pasarela**

I.- Por acordo do Pleno de data 28 de setembro de 2013 iniciouse o expediente de investigación dos camiños do Ribeiro, no lugar de Pasarela, parroquia de Calo, motivado por un escrito de denuncia presentado o 9 de xaneiro de 2012 (RE 107) asinado por 31 veciños.
Con carácter previo tramitouse unha fase de estudo, no que se requeriu información ao Arquivo Histórico do Reino de Galicia e aos titulares das fincas colindantes para que aportasen documentación acreditativa da súa propiedade.

II.- O acordo foi publicado no BOP nº 198 do 17 de outubro de 2013, e notificado individualmente aos 31 veciños denunciantes e aos propietarios das parcelas 1228 (Mª Teresa Lema Vázquez), 1229 (Celia Fuentes Méndez), 1230 (Mª Celia Lema Álvarez) e 1305 (María Vidal Soto).

III.- Dª. María Vidal Soto presentou escrito de alegacións o 18 de outubro de 2013, con RE 7447, no que básicamente rebate as argumentacións do arquitecto do Servizo de Urbanismo no informe emitido o 9 de xullo de 2013, e sinala que o camiño non ten carácter público.

IV.- O 5 de decembro de 2014, con RS 7278, o concello solicita ao Arquivo do Reino de Galicia certificado no que consten os lindes da finca 64 (que se correspondería coa zona investigada).
O 15 de decembro de 2014 con RE 10132 remítese a certificación, acompañada de documentación gráfica.
Incorpórase tamén un plano de concentración parcelaria, así como diferentes documentos gráficos procedentes de Google Maps e o Centro Nacional de Información Xeográfica.

V.- Por Providencia da Alcaldía de data 4 de febreiro de 2015 ábrese un período de proba, polo prazo dun mes, no que serán admisibles calquera dos medios contemplados no artigo 51 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (os documentos públicos xudiciais, notariais ou administrativos outorgados conforme a dereito, o recoñecemento e ditame pericial e a declaración de testigos), que a tal efecto poden presentar as partes; e tamén se lle da traslado da proba testifical proposta de oficio, a efectos de que propoñan as súas testemuñas. Ambas partes foron notificadas o 4 de febreiro de 2015, sen que conste que presentaran ningún escrito no prazo outorgado ao efecto.
Por Providencia da Alcaldía de data 12 de febreiro de 2015 admítese a proba testifical proposta de oficio pola administración (un total de trece veciños/as do lugar de maior idade, segundo o informe realizado pola funcionaria responsable do Padrón Municipal de Habitantes o 5 de xaneiro de 2015), sinalando como data de celebración da proba testifical o 19 de febreiro de 2015, acto de trámite que lle foi notificado ás partes o 16 e 17 de febreiro de 2015, respectivamente.
Constan no expediente as citacións a cada unha das testemuñas, así como o resultado das

mesmas. As testemuñas citadas foron:

- D.ª Dosinda Lema Lema, con enderezo no lugar de Pasarela, 12, Calo
- D.ª María Rodríguez García, con enderezo no lugar de Pasarela, 15, Calo
- D.ª Carmen Lavandeira Baña, con enderezo no lugar de Pasarela, 23, Calo
- D.ª María E. Toja Valiña, con enderezo no lugar de Pasarela, 27, Calo
- D. Francisco Lema Soto, con enderezo no lugar de Pasarela, 29, Calo
- D. José Cernadas Pereira, con enderezo no lugar de Pasarela, 26, Calo
- D.ª Amelia Pérez Lema, con enderezo no lugar de Pasarela, 17, Calo
- D. Antonio Alvarellos Novoa, con enderezo no lugar de Pasarela, 19, Calo
- D. Alejandro Sánchez Méndez, con enderezo no lugar de Pasarela, 23, Calo
- D. Cándido Canosa Cernadas, con enderezo no lugar de Pasarela, 18, Calo
- D.ª María Claudia Méndez Ordóñez, con enderezo no lugar de Pasarela, 20, Calo
- D. Antonio Pose Moreira, con enderezo no lugar de Pasarela, 9, Calo.
- D.ª Celia Vidal Souto, con enderezo no lugar de Pasarela, 13, Calo

VI.- Practicada a proba testifical o 19 de febreiro de 2015, levántase acta en proba delo, asinada pola secretaria municipal e a funcionaria Dª. María Teresa Castro Arturo, presente nas actuacións.
O propio 19 de febreiro de 2015, Dª. María Vidal Soto presenta escrito con RE 1351, no que, tras facer alusión á providencia de data 4 de febreiro de 2015, solicita copia das declaracións testificais.
Consta remisión dunha copia da acta e recepción pola interesada o 24 de febreiro de 2015.

VII.- O 4 de marzo de 2015, con RE 1674, Dª. María Vidal Soto presenta escrito de alegacións, propoñendo como medios de proba:

- Documental (informe pericial de D. Manuel Rodríguez Suárez, reportaxe fotográfico e que se requira aos propietarios da parcela 1229 do polígono 6 que aporten título de propiedade)
- Testifical de D. Daniel Beiras García-Sabell e once dos trece testigos propostos de oficio pola administración.
- Pericial de D. Manuel Rodríguez Suárez.

VIII.- Por providencia da Alcaldía de data 9 de marzo de 2015 dispónse a ampliación do período de proba, por un prazo máximo de dez días, no que se practicará o recoñecemento pericial da zona investigada por parte dos técnicos municipais, fixándose o 11 de marzo como data para a práctica da proba. As partes foron notificadas o propio 9 de marzo.

Practicada a proba pericial na data sinalada, levantouse acta pola secretaria en proba delo, que se incorpora ao expediente.

Consta tamén informe emitido o 16 de marzo de 2015 polos técnicos Dª. Bielca González Ramos e D. Evaristo Suárez Corzón, que consta de dúas páxinas e un plano e reportaxe fotográfica (cun total de 14 fotografías).

O 19 de marzo de 2015, con RE 2254, Dª. María Vidal Soto presenta escrito de alegacións, reiterando que se admitan os medios de proba propostos.

IX.- Con data 19 de marzo de 2015, dítase providencia da Alcaldía, dando traslado do expediente completo a esta Secretaría para a emisión de informe.
Na mesma providencia, dispónse a remisión de copia do informe emitido o 16 de marzo de 2015 polos técnicos Dª. Bielca González Ramos e D. Evaristo Suárez Corzón, que consta de dúas





páxinas e un plano e reportaxe fotográfica (cun total de 14 fotografías).
O informe-proposta de resolución do expediente foi emitido por esta secretaria o 31 de marzo de 2015. Na mesma data, a Alcaldía ditou proposta de resolución, que lle foi notificada a María Vidal Soto (RS 2543) e a Evaristo Vidal Fuentes (RS 2544) o 1 de abril de 2015, así como á Delegación de Economía e Facenda en Galicia (RS 2540) e a Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (RS 2542).

X.- Segundo consta no informe emitido o 17 de abril de 2015 pola funcionaria do Rexistro Municipal, consta a presentación de alegacións por parte de Dª. María Vidal Soto, no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o 15 de abril de 2015, recibido neste concello o 17 de abril de 2015 con RE 3072.
Asemade, consta escrito do delegado de Economía e Facenda indicando que non efectuarán alegacións ao expediente, recibido o 16 de abril de 2015 (RE 3038); así como do director xeral de Administración Local, acusando recibo, recibido o 17 de abril de 2015 (RE 3070).

XI.- Consta informe da secretaria municipal, de data 17 de abril de 2015, sobre o escrito de alegacións á proposta de resolución, en cumprimento do disposto no artigo 53 do RBEL, que di o seguinte:

**>>III.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.-**

***Primeira.- Sobre as alegacións presentadas por Dª. María Vidal Soto o 17 de abril de 2015, con rexistro de entrada nº 3072.***

Básicamente, a Sra. Vidal Soto discrepa da conclusión da proposta de resolución ditada o 31 de marzo de 2015, así como da negativa da administración á práctica dos medios de proba propostos por ela.

Dado que o escrito de alegacións á proposta de resolución reitera os argumentos contidos no anterior escrito presentado o 4 de marzo de 2015, con RE 1674, xa analizados pormenorizadamente no informe emitido pola funcionaria que subscribe o 31 de marzo de 2015, remítome ao citado informe, considerando innecesario volver a analizar cuestións xa informadas.

Obviamente a Sra. Vidal Soto está no seu lexítimo dereito a discrepar do resultado da avaliación da proba proposta, pero a proposta de resolución ditada o 31 de marzo de 2015 está debidamente motivada, dando cumprimento ao disposto no artigo 54.a) da Lei 30/1992, ao estarmos diante dun acto administrativo de trámite, antesala do acordo que poña fin ao expediente de investigación.

Polo tanto, cumpridos os trámites previstos no artigo 52 do RBEL, procede resolver o expediente, tal como indica o artigo 53 do mesmo texto regulamentario: *"A resolución do expediente de investigación correspondente ao órgano competente da Corporación, previo informe do Secretario. Se a resolución é favorable, procederase á taxación da finca ou dereito, a súa inclusión no inventario, e adopción das medidas tendentes á efectividade dos dereitos da Corporación."*

De conformidade có previsto no Art. 53 e concordantes do Regulamento de Bens das Entidades Locais, debe elevarse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Declarar como ben de dominio público, debido ao seu uso público, o camiño no lugar do Ribeiro-Pasarela, parroquia de Calo, coa seguinte descrición:

Linda ó Norte: parcela catastral 1305, e camiño público; Sur: parcela 1229, e camiño público; Este: parcela 1229 e camiño público; Oeste: parcela 1305 e camiño público.

Superfíciase o espacio obxecto de investigación e que se propón sexa declarado como ben de dominio público en 21,24 m² o primeiro tramo, sen que poda determinarse a superficie do segundo tramo, polos motivos indicados no informe emitido pola secretaria municipal o 31 de marzo de 2015.

**SEGUNDO.-** Proceder á taxación deste ben e á súa inscrición no inventario e/ou no Rexistro da Propiedade, xunto cos demais trámites que procedan de acordo co ordenamento xurídico, en concreto: o exercicio das potestades de deslinde e recuperación de oficio.

**TERCEIRO.-** Notificar este acordo, como acto que pon fin á vía administrativa, ás partes no expediente e tamén á administración central autonómica, con indicación dos recursos que procedan.>>

No uso das facultades que me confire a normativa vixente, e de conformidade có previsto no Art. 53 e concordantes do Regulamento de Bens das Entidades Locais, elevo ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Declarar como ben de dominio público, debido ao seu uso público, o camiño no lugar do Ribeiro-Pasarela, parroquia de Calo, coa seguinte descrición:

Linda ó Norte: parcela catastral 1305, e camiño público; Sur: parcela 1229, e camiño público; Este: parcela 1229 e camiño público; Oeste: parcela 1305 e camiño público.

Superfíciase o espacio obxecto de investigación e que se propón sexa declarado como ben de dominio público en 21,24 m² o primeiro tramo, sen que poda determinarse a superficie do segundo tramo, polos motivos indicados no informe emitido pola secretaria municipal o 31 de marzo de 2015.

**SEGUNDO.-** Proceder á taxación deste ben e á súa inscrición no inventario e/ou no Rexistro da Propiedade, xunto cos demais trámites que procedan de acordo co ordenamento xurídico, en concreto: o exercicio das potestades de deslinde e recuperación de oficio.

**TERCEIRO.-** Notificar este acordo, como acto que pon fin á vía administrativa, ás partes no expediente e tamén á administración central autonómica, con indicación dos recursos que procedan."

O alcalde explica que é un asunto que se tramitou a raiz dunha denuncia asinada por máis de trinta veciños de Pasarela. Seguíronse tódolos trámites previstos legalmente, practicáronse probas testificais e periciais, e ao final os informes conclúen que o camiño tapiado é publico e terían que deixalo libre.

O Sr. Miñones Riveiro manifesta que lle van dar o visto bó, porque despois do resultado da proba testifical -na que declararon veciños de avanzada idade- e do informe xurídico, están dacordo coa resolución.

O Sr. Soto Pérez cede a palabra á súa compañeira Mónica, dado que foi ela quen asistiu ás comisións.
A Sra. Rodríguez Ordóñez sinala que están dacordo coa conclusión do expediente e pide que se conclúan tamén o resto dos expedientes en trámite, para os que se crearon comisións de investigación.

O Sr. Amado Sambade mostra o seu apoio e espera que o expediente estea ben tramitado.





O concelleiro non adscrito mostra tamén o seu apoio, dadas as probas aportadas, e pide axilizar outros expedientes da mesma natureza.

O alcalde puntualiza que non hai comisións de investigación, senón expedientes de investigación, que son cousas distintas. O motivo de que se tarde tanto en resolver é que hai que seguir os trámites previstos na normativa de bens, que son garantistas para as partes afectadas.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** Declarar como ben de dominio público, debido ao seu uso público, o camiño no lugar do Ribeiro-Pasarela, parroquia de Calo, coa seguinte descrición:

Linda ó Norte: parcela catastral 1305, e camiño público; Sur: parcela 1229, e camiño público; Este: parcela 1229 e camiño público; Oeste: parcela 1305 e camiño público.

Superfíciase o espacio obxecto de investigación e que se propón sexa declarado como ben de dominio público en 21,24 m² o primeiro tramo, sen que poda determinarse a superficie do segundo tramo, polos motivos indicados no informe emitido pola secretaria municipal o 31 de marzo de 2015.

**SEGUNDO.-** Proceder á taxación deste ben e á súa inscrición no inventario e/ou no Rexistro da Propiedade, xunto cos demais trámites que procedan de acordo co ordenamento xurídico, en concreto: o exercicio das potestades de deslinde e recuperación de oficio.

**TERCEIRO.-** Notificar este acordo, como acto que pon fin á vía administrativa, ás partes no expediente e tamén á administración central autonómica, con indicación dos recursos que procedan.

**3. Aprobación inicial da Modificación Puntual núm. 4 das Normas Subsidiarias de Planeamento de Vimianzo: Usos en solo de núcleo rural.**

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 19 de marzo de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo e Obras reunida o 21 de abril de 2015, que se transcribe literalmente:

**"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: Aprobación Inicial da modificación puntual núm. 4 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Vimianzo "Réxime xurídico dos núcleos rurais".**

Visto o Documento de Modificación Puntual núm. 4 das Normas Subsidiarias: "Usos en solo de núcleo rural".

Vista a decisión da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, da mesma Consellería, declarando a non necesidade de someter a avaliación ambiental estratéxica esta modificación puntual, en data 7 de xaneiro de 2014.

Vistos os informes favorables emitidos polo arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica

Urbanística da Deputación da Coruña o 20 de marzo de 2014, e da secretaría municipal o 5 de novembro de 2014.

Visto o informe da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, previo á aprobación inicial, emitido en data 22 de setembro de 2014 e recibido neste Concello o 2 de xaneiro de 2015 (RE 16). Esíxese unha fundamentación da modificación en razóns de interese público.

Realizadas as modificacións oportunas no Documento de Modificación Puntual núm. 4 das Normas Subsidiarias: "Usos en solo de núcleo rural" a efectos de dar cumprimendo ás esixencias da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, no sentido de expoñer as razóns de interese público que motivan a modificación e incorporar o planeamento sectorial aprobado, con data de hoxe e RE 2253/2015 preséntase o documento definitivo.

De conformidade co procedemento establecido na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, veño en elevar ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a Modificación Puntual núm. 4 das Normas Subsidiarias: "Usos en solo de núcleo rural", co alcance e contido do proxecto que se xunta a esta proposta.

**Segundo.**- Abrir un período de información pública durante un prazo de dous meses, mediante a inserción de anuncio no Taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Durante este período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

**Terceiro.**- Simultaneamente e durante o mesmo prazo da información pública, daráselles audiencia aos municipios limítrofes; e solicitaráse ás administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios."

O alcalde explica que este asunto levouse xa ao anterior pleno ordinario, celebrado o 28 de marzo, e a oposición pediu tempo para estudialo, razón pola cal quedou sobre a mesa. Dende entón o expediente estivo a disposición dos concelleiros, por se querían vir consultalo, e o 17 de abril convocouse a comisión informativa. Polo tanto, considera que o que tivera interese en velo, tivo tempo máis que suficiente para facelo.
Explica o alcalde que esta modificación puntual, que xa sería a número catro, tráese a pleno coa intención de resolver os problemas que existen no medio rural. A modo de exemplo, lembra que onte veu unha persoa que tiña unha edificación arrimada a lindeiro, motivo polo cal incorre en situación de fora de ordenación, coas limitacións que establece a normativa para tales edificacións. Tamén se reduce a parcela mínima nos núcleos rurais, que actualmente están en mil e seiscentos metros cadrados, respectivamente; e pasan a oitocentos e cincocentos metros cadrados, tras un consenso coa Xunta, pois a proposta inicial do concello era reducilas ata as superficies permitidas pola LOUG. Tamén se prevé un aumento da ocupación das parcelas.
Sinala o alcalde que con estas medidas preténdese conseguir o asentamento de poboación no rural e facilitar a súa economía. Por exemplo: auméntase a altura dos cabanotes para gardar herba seca. Considera que non sae perxudicado ninguén, e beneficiados saen todos os veciños en xeral, non os amigos do alcalde, como se dixo.
Recoñece o alcalde que habería que cambiar moitos aspectos das actuais NN.SS. que inciden negativamente na nosa economía, por exemplo: non pode facerse un centro comercial no casco urbano, e case todos os restaurantes exceden dos dezaoito metros de fondo máximo que





permiten as NN.SS., e estamos todos dacordo en que para un restaurante é insuficiente ese fondo. Pero a aprobación dun PXOM é unha tarefa que terá que acometer a nova Corporación que saia das eleccións municipais do vindeiro mes de maio, porque ese non é traballo dun día.

O Sr. Miñones Riveiro considera que todo o que supoña mellorar as actuais NN.SS. de Vimianzo vai ter o apoio do PSOE, e máis se esas melloras afectan aos núcleos rurais.

A Sra. Rodríguez Ordóñez recoñece que durante a súa exposición o alcalde dixo verdades, pero van solicitar que o asunto quede sobre a mesa e vai motivar porque. Considera que faltan informes, pois dende o informe da Xunta e o novo documento redactado, non se emitiu un novo informe polo técnico municipal. Afirma que se necesita modificar as NN.SS., pero esta non é a modificación que precisa Vimianzo. Sinala que nas NN.SS. vixentes as superficies das parcelas compútanse en metros cadrados brutos, mentras que na modificación son metros cadrados netos, o cal perxudica aos veciños. Coincide co alcalde en que Vimianzo necesita un PXOM. Pregunta como é posible mellorar a edificabilidade aumentando a ocupación da parcela, pero deixando igual a edificabilidade. Non o entende.
Considera que neste último documento de modificación puntual non se da resposta ás esixencias da Xunta, segundo a información coa que conta o seu grupo, que se asesorou con profesionais sobre o tema. Volve a repetir que non se pode facer esto a correr, por unha persoa que non coñece o municipio. Pide que quede sobre a mesa.

O Sr. Amado Sambade considera que a compañeira de IxV explicou perfectamente o tema. Afirma que a modificación puntual está mal e pide que se corrixa e se volva a levar a pleno. Pide que quede sobre a mesa.

O Sr. Rodríguez Blanco afirma que os veciños seguro que non se enteraron de nada, e esto hai que explicarllo ben aos veciños antes de metelos nun problema. Considera que se alguén ten un problema serio, pódese falar e tratar de resolvelo. Pide que quede sobre a mesa.

O alcalde considera que hai que esixirlle a un representante político que non diga a todo que non, que plantexe alternativas ás propostas do goberno. Non vale a excusa do PXOM, que ademais xa a dixo o alcalde. Afirma que a concelleira de IxV fixo referencia a un informe da Xunta que efectivamente parou a proposta inicial do concello, que era máis ambiciosa que a finalmente se trae a pleno, pero as reticencias da administración autonómica corrixíronse con esta última proposta. Considera que o sentido común debe impoñerse e non colle en cabeza humana que reducir a superficie esixible para edificar perxudique a ninguén. Tampouco se pode dicir que esta proposta é electoralista, xa que os trámites iniciáronse hai máis dun ano e durante este tempo estiveron traballando e negociando coa Xunta, tendo como resultado final este documento. O alcalde pregúntase a quen perxudica recoñecer o dereito de arrimar a lindeiro.
Manifesta o rexedor que a oposición non ten capacidade de facer propostas. Di que no anterior pleno votouse a solicitude da oposición de que o asunto quedara sobre a mesa, e dende entón tiveron todo o tempo do mundo para vir ver o expediente, cousa que non fixo nin a concelleira de IxV nin ningún outro concelleiro. Afirma que o PP nin tan siquera veu ás comisións a enterarse do expediente. Anuncia que non se vai votar que quede sobre a mesa e vaise someter a votación o punto.

A Sra. Rodríguez Ordóñez solicita un segundo turno de intervencións.

O alcalde dille que falou o que quixo e que o procedemento está previsto no ROF.

Sometido o asunto a votación, obténse o seguinte resultado: cinco votos a favor do BNG e PSOE...

A Sra. Rodríguez Ordóñez interrumpe a votación, e o alcalde faille unha primeira advertencia, indicándolle expresamente que non pode interrumpir a votación.

O alcalde volve a someter o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado: cinco votos a favor do BNG e PSOE, sete abstencións (IxV, PP e non adscritos non votan) e ningún voto en contra. Non se acada a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación esixida no artigo 85.1 da LOUG e 47.2.ll) da LBRL.

A concelleira de IxV pide que a secretaria se pronuncie sobre a necesidade de votar a petición de que o asunto quede sobre a mesa.

O alcalde dalle a palabra á secretaria, previa petición desta para aclarar unha cuestión xurídica.

A secretaria sinala que non ha lugar a pedir que quede sobre a mesa pola falta de informes porque o expediente, ao seu xuízo, está completo, xa que de non estalo, ela terialle feito esa advertencia ao alcalde e constaría no expediente.

A Sra. Rodríguez Ordóñez discrepa do dito pola secretaria, e alega que faltan informes.

O alcalde faille unha segunda advertencia á concelleira de IxV, por non estar no uso da palabra. Explica, para que o público asistente o teña claro, cal é a regulación dos debates e votación que contén o ROF: sinala que primeiro a secretaria le o ditame da comisión, despois fala o alcalde para explicar o asunto, despois cada un dos portavoces e se piden un segundo turno, o alcalde concédeo, pero se non se pide, pecha o alcalde as intervencións e somete a votación.

O Sr. Rodríguez Blanco e o Sr. Amado Sambade comezan a falar.

O alcalde failles unha primeira advertencia a cada un, por non estar no uso da palabra. Pide que se respeten as votacións e anuncia que o punto non queda aprobado, por non obterse o quórum esixido (maioría absoluta do número legal de membros), polo tanto pide tranquilidade á oposición, pois acadaron o seu obxectivo.

**4. Modificación orzamentaria mediante expediente núm. 2015/CE/01 de crédito extraordinario financiado con baixas por anulación, por importe de 38.400,00 euros.**

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 17 de abril de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas reunida o 23 de abril de 2015, que se transcribe literalmente:

**"PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**ASUNTO: EXPEDIENTE NÚM. 2015/CE/01 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN**

De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido, PROPONSE AO PLENO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 2015/CE/01, co seguinte detalle;

➢ Aprobación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de 38.400,00 €.

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | CONCEPTO | IMPORTE MODIFICACIÓN |
|---|---|---|
| 1532 60000 | Pavimentación de vías públicas.Inversión en terreos. | 26.300,00 |
| 171 61904 | Parques e xardíns. Outros investimentos de reposición | 12.100,00 |
| | TOTAL | 38.400,00 |





➢ Financiamento:

BAIXAS POR ANULACIÓN:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | CONCEPTO | CONSIGNACIÓN ANTERIOR | IMPORTE MODIFICACIÓN | CONSIGNACIÓN RESULTANTE |
|---|---|---|---|---|
| 011 31000 | Débeda pública. Xuros | 40.000,00 | -20.300,00 | 19.700,00 |
| 132 12003 | Seguridade e orde pública. Retribucións básicas. Soldo do grupo C1 | 34.560,96 | -2.100,00 | 32.460,96 |
| 931 12101 | Política económica e fiscal. Retribucións complementarias CE | 77.933,80 | -6.000,00 | 71.933,80 |
| 931 12000 | Política económica e fiscal. Retribucións básicas. Soldo do grupo A1 | 26.617,20 | -3.300,00 | 23.317,20 |
| 931 12009 | Política económica e fiscal. Retribucións básicas. Outras retribucións | 12.759,19 | -1.100,00 | 11.659,19 |
| 931 12100 | Política económica e fiscal. Retribucións complementarias CD | 36.363,12 | -2.900,00 | 33.463,12 |
| 931 16000 | Política económica e fiscal. Seguridade social | 47.094,00 | -2.700,00 | 44.394,00 |
| TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN | | | 38.400,00 | |

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia."

O alcalde sinala que esta modificación vai destinada a adquirir unha finca en Cereixo, a petición dos veciños, e ao arranxo do parque infantil de Vimianzo. Explica, para que o público asistente o entenda, que en determinadas partidas que non se vai gastar ou se vai gastar menos do crédito previsto, poden detraerse eses cartos para gastar noutras cousas. Indica que o goberno conseguiu reducir a débeda e vanse adicar 20.300 euros á compra dun terreo en Cereixo, para disfrute dos veciños. Explica que a competencia para aprobar esta modificación orzamentaria, denominada "crédito extraordinario" é do Pleno, non do alcalde. Sinala que non é un capricho, senón un asunto que levan pelexando moito tempo os veciños de Cereixo e agora xurdiu a oportunidade de comprar unha finca que satisface as necesidades veciñais. Este tema xa foi abordado no anterior pleno e a oposición tivo tempo de formular propostas, pero o único que fixo foi votar en contra,

O Sr. Miñones Riveiro lembra que xa votou a favor no anterior pleno e agarda darlle hoxe unha alegría aos veciños de Cereixo, pois é digno de ver como traballan. Sinala que o arranxo do parque infantil de Vimianzo tamén é necesario.

A concelleira de IxV recoñece que no pleno anterior o seu grupo votou en contra, pero o alcalde tivo moitas oportunidades de incluír esta actuación en diversos plans e non o fixo. Acusa ao alcalde de querer enganar á oposición no pleno anterior, pois con esta modificación traía tamén o pago das facturas. Pediron copia desas facturas e non lla deron, e se o alcalde encargou eses traballos, agora que os pague, que non pida que o faga a oposición.

O alcalde pídelle que se ciña a este punto, non fale das facturas, que corresponden ao seguinte punto.

A Sra. Rodríguez Ordóñez sinala que xa está falando deste punto. Pregúntalle porque a culpa sempre é da oposición. Sinala que van votar a favor.

O Sr. Amado Sambade di que están dacordo neste punto, e xa puideron votar a favor na sesión anterior se o alcalde os puxera por separado, como fai agora.

O Sr. Rodríguez Blanco felicita ao alcalde por facer caso á oposición por primeira vez nestes catro anos. Denuncia que o actual alcalde está facendo exactamente o mesmo que criticaba de Alejandro: poñer farolas e tubos por todos os sitios. Considera que a inversión en Cereixo podía ser maior, cre que se queda corta.

O alcalde pregunta se algún grupo demanda un segundo turno.

O concelleiro non adscrito recriminalle que non preguntara eso no punto anterior.

O alcalde aclara que este punto é unha modificación de crédito, igual que no pleno anterior, e despois viña un punto de aprobación de facturas...

O Sr. Rodríguez Blanco dille ao Sr. Mancebo: "es un crack, Mancebo".

O alcalde faille unha segunda advertencia ao concelleiro non adscrito, e dille que á terceira ten que abandonar a sala de sesións. Sinala que o PP xa non ven a ningunha comisión, pero os outros que veñen teñen que facer as propostas na comisión. Puntualiza que a aprobación das facturas non ían no punto do modificado de crédito, e pide que non enganen á xente. Os tres dixeron que o alcalde quere camuflar, e non é certo. Se plantexaran votar a favor desto no pleno anterior non se chegaría a esta situación. Recoñece que o goberno tiña que ter previsto esta adquisición moito antes, pero a oportunidade de comprar chegou agora. Non da crédito a que a Sra. Rodríguez Ordóñez, herdeira de quen gobernou o concello vinte e cinco anos, diga agora iso, cando o goberno anterior nese tempo non fixo nada. E o mesmo opina do concelleiro de obras do goberno anterior. Non obstante, alégrase de que neste caso, ao contrario do acontecido no punto anterior, impere o sentido común e se poda promover este expediente en beneficio dos veciños de Cereixo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, que se eleva a acordo nos seus propios termos.

**5. Recurso de reposición contra o acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 28 de marzo de 2015, de rexeitamento da proposta da Alcaldía de aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos (2015/REC/01)**

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 17 de abril de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas reunida o 23 de abril de 2015, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

**Asunto: recursos de reposición interpostos contra o acordo plenario adoptado na sesión do 28 de marzo de 2015, de rexeitamento da proposta de Alcaldía de aprobación do recoñecemento extraxudicial 2015/REC/01.**

Vistos os recursos de reposición interpostos por 11 proveedores contra o acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 28 de marzo de 2015, de rexeitamento da proposta de Alcaldía de aprobación do recoñecemento extraxudicial 2015/REC/01 (290 facturas) por un importe total de 217.947, 87 euros.





Visto o informe conxunto emitido pola Secretaría e Intervención municipais, de data 17 de abril de 2015, que conclúe: *"(...) Polo tanto, á vista do recurso presentado, dos documentos que constan no expediente, e dos fundamentos de dereito expostos ao longo do presente informe, emitimos informe favorable á estimación do recurso de reposición, por falta de motivación do acordo plenario, vulnerando o disposto no artigo 54.1.a) da Lei 30/1992 e 9.3 da CE, incurrindo nun vicio de anulabilidade ao abeiro do artigo 63.1 da LRX-PAC."*

Á vista do exposto, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda, Orzamento e Asuntos Económicos , a adopción do seguinte ACORDO

<u>Primeiro</u>.- Estimar integramente os recursos de reposición presentados por 11 proveedores contra o acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 28 de marzo de 2015, polo que se rexeita a proposta da Alcadía de aprobación do recoñecemento extraxudicial 2015/REC/01 (290 facturas) por un importe total de 217.947, 87 euros; e en consecuencia, anular o citado acordo, polos motivos expostos no informe conxunto emitido pola Secretaría e Intervención municipais de data 17 de abril de 2015, que serve de motivación ao presente acordo, de conformidade co disposto no artigo 54 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRX-PAC).
De conformidade co disposto no artigo 117.3 da LRX-PAC, contra a resolución dun recurso de reposición non se poderá interpor de novo tal recurso, só cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo.

<u>Segundo</u>.- Aprobar o expediente nº 2015/REC/01 de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de **217.947,87 €** a favor dos terceiros que figuran na relación anexa.

<u>Terceiro</u>.- Dar traslado do acordo adoptado no Pleno, ao departamento contable para que proceda a contabilización das obrigas recoñecidas para proceder posteriormente a ordenar o seu pago.

<u>Cuarto</u>.- No caso da factura F/2014/2046, o recoñecemento e orden de pago, debe producirse unha vez aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos 2015/SC/01."

O alcalde pídelle á secretaria que, dada a responsabilidade da emisión do voto neste punto e para que todos sexan conscientes das consecuencias, resuma brevemente as consideracións do informe emitido conxuntamente pola Secretaría e Intervención municipais.

A secretaria explica que os proveedores que presentaron recurso de reposición alegaron infracción do artigo 54 da Lei 30/1992, por entender que o acordo non estaba motivado, e dos artigos 9.3 (interdicción da arbitrariedade) e 103 da Constitución Española. Le a conclusión do informe: *"(...) Polo tanto, á vista do recurso presentado, dos documentos que constan no expediente, e dos fundamentos de dereito expostos ao longo do presente informe, emitimos informe favorable á estimación do recurso de reposición, por falta de motivación do acordo plenario, vulnerando o disposto no artigo 54.1.a) da Lei 30/1992 e 9.3 da CE, incurrindo nun vicio de anulabilidade ao abeiro do artigo 63.1 da LRX-PAC."*

A Sra. Rodríguez Ordóñez pregunta se pode formular unha consulta á secretaria.

O alcalde asente.

A concelleira de IxV pregunta se os informes son favorables á estimación dos recursos ou tamén á "modificación extraxudicial".

A secretaria pide que repita a pregunta, pois non entende a que se refire con "modificación

extraxudicial".

A concelleira de IxV reformula a pregunta: ¿con esto apróbase o recoñecemento extraxudicial?

A secretaría responde que sí, que tal como indican no informe e como recolle a proposta da Alcaldía, dado que o acto recurrido é o rexeitamento de aprobación dunha proposta de Alcaldía de aprobación dun recoñecemento extraxudicial, a anulación dese acordo debe acarrexar a aprobación do REC.

O Sr. Soto Pérez pide a palabra. Lembra que no pleno anterior había unha modificación de crédito que se vinculaba á aprobación das facturas...

A secretaria puntualiza que a modificación de crédito era un punto distinto, e a aprobación do recoñecemento extraxudicial non ten porque implicar, e neste caso non implica, a aprobación dunha modificación de crédito. Sinala que se esa era a pregunta, antes entendiuna mal.

A concelleira de IxV pide desculpas por non explicarse correctamente.

O alcalde considera perfectamente explicada a cuestión, e di que se atendera ao que explicou antes o alcalde, non formularía esa pregunta.

Nese intre, unha persoa do público achégase ao Sr. Rodríguez Blanco e comenta algo con el en voz baixa.

O Sr. Rodríguez Blanco pide permiso ao alcalde para abandonar momentáneamente o salón de plenos.

O alcalde diríxese á persoa que se achegou ao concelleiro non adscrito e advírtelle que estamos nun pleno e non pode interrumpilo desa maneira. Pide á policía que controle a situación.

Volve a dicirlle á concelleira de IxV que unha cousa é aprobar un modificado de crédito e outra aprobar unhas facturas. Volve a explicar o que xa dixo no pleno anterior: cando chegou á Alcaldía atopouse cunha "mordida" de trescentos mil euros, que foron tapando e arrastrando tódolos anos, e tentaron arranxalo definitivamente cunha modificación de crédito financiada con remanente o ano pasado pero a oposición votou en contra, co cal obviamente seguen arrastrando ese problema. Este ano teñen douscentos mil euros, co cal aínda se foi baixando. Ou se apagan as luces e se deixan de prestar servizos, ou xa se sabía que este ano faltaría crédito por ese importe. Este ano tentouse tapar a través da modificación que se rexeitou no pleno anterior. Sinala que o informe de Intervención non é negativo, non di que os servizos non se prestaron, di que hai que pagar, e en caso contrario devengaranse intereses e os perxuízos para as arcas municipais serán maiores.
Lembra o alcalde que ao tomar posesión tivo que pagarlle case un millón de euros á empresa da Sra. Rodríguez, sen estar dacordo en facelo, porque era a súa obriga. Por eso agora os proveedores vimianceses non entenden que non se lles queira pagar. Numera a eses proveedores de Vimianzo: Talleres Lema Rodríguez, Germán y Caamaño, Trubisquiñas, etc. Son as facturas do último trimestre do ano pasado, no que supoñen que hai crédito pero non se sabe seguro. Aparte hai outras empresas como as de subministro eléctrico, tratamento de augas, etc. Son productos necesarios, non caprichos. E o recoñecemento extraxudicial non é exclusivo deste concello, senón que se fai noutros, como se pode ver estes días nos xornais. Sinala que o período medio de pago do concello é de vinte e dous días, e as presentadas antes do dez de abril xa se pagaron. Pide responsabilidade, pois xa bastante dano se lle provocou aos empresarios, que xusto cando tiñan que pagar a liquidación trimestral do IVE, non se lles pagou e pasaron





apuros.

